

- i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- m) O imposto especial sobre a electricidade.
- n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- ñ) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.»

Artigo 2. Alcance e condicións da cesión. Atribución de facultades normativas.

1. O alcance e condicións da cesión de tributos á Comunidade de Castilla y León son os establecidos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. De acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, atribúeselle á Comunidade de Castilla y León a facultade de dicitar para si mesma normas lexislativas, nos casos e condicións previstos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

A Comunidade de Castilla y León remitiralle á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado os proxectos de normas elaborados como consecuencia do establecido neste punto, antes da aprobación delas.

3. Sen prexuízo das competencias normativas da Comunidade Autónoma no imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, para colaborar na necesaria homoxeneidade dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación, o Estado, de acordo coas comunidades autónomas, poderá establecer con carácter supletorio os aspectos esenciais que deben configurar estes procedementos.

Así mesmo, para facilita-la adecuada aplicación do imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a Administración tributaria do Estado, logo de acordo coas correspondentes comunidades autónomas, poderá realiza-las actuacións de inspección en relación con suxeitos pasivos que realicen operacións no ámbito de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.*

A cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, se ben as funcións inherentes á xestión deles continuarán sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ata que non se proceda, por instancia da Comunidade Autónoma, ó traspaso dos servicios adscritos ós ditos tributos.

Disposición derogatoria única.

Desde o 1 de xaneiro de 2002 queda derogada a Lei 30/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade de Castilla y León e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13011 CORRECCIÓN de erros da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

Advertidos erros na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002 (corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de xuño de 2002), procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 294, segunda columna, no artigo 80, na fórmula, onde di: « $T_t = T_{t-1} - 1C$ », debe dicir: « $T_t = T_{t-1} \cdot C$ ».

Na páxina 309, segunda columna, no artigo 116.1, a), Aragón, onde di: «Mellora do regadío dos sectores XVII, XVII e XIX do Cinca...», debe dicir: «Mellora do regadío dos sectores XVII, XVIII e XIX do Cinca...».

MINISTERIO DO INTERIOR

13151 CORRECCIÓN de erros da Orde INT/1272/2002, do 22 de maio, pola que se modifica parcialmente a Orde do 4 de decembro de 2000, pola que se desenvolve o capítulo III do título II do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. («BOE» 159, do 4-7-2002.)

Advertidos erros na Orde INT/1272/2002, do 22 de maio, pola que se modifica parcialmente a Orde do 4 de decembro de 2000, pola que se desenvolve o capítulo III do título II do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 133, do 4 de xuño de 2002, suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de xullo de 2002, procédese a efectua-las oportunas rectificacións: